Informe sobre o sector forestal no mercado de traballo galego

XUNTA DE GALICIA

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:
Marisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

Equipo técnico:
Mar Martínez Besada
Ricardo Fernández López
Eva Uriach Masgoret
Mª Belén Yañez Barge
Juan Cirilo Arnosa Casal
César Manuel Dans Galán
Mª Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
Mª José Porto Pardiñas
Francisco de Cal Pose
Isabel Fernández Gómez

Diseña e imprime:
Instituto Galego das Cualificacións

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 1

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS 2

2. AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL 5

3. CONTRATOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN NACIONAL DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS 8

4. CONTRATOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN NACIONAL DE OCUPACIÓNS 13

5. PARO SEGUNDO A CLASIFICACIÓN NACIONAL DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS 30

6. PARO SEGUNDO A CLASIFICACIÓN NACIONAL DE OCUPACIÓNS 36

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Contratos do sector forestal fronte ao número de contratos total %. Ano 2008. 2

Gráfico 2. Superficie forestal de Galicia con respecto a España %. 3

Gráfico 3. Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo. 5

Gráfico 4. Afiliacións á Seguridade Social segundo idade. 6

Gráfico 5. Evolución das afiliacións á Seguridade Social. 7

Gráfico 6. Evolución dos contratos CNAE-2009. Galicia. 8

Gráfico 7. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo nivel e estudos. Galicia 9

Gráfico 8. Evolución dos contratos CNAE-2009 nas catro provincias. Galicia. 10

Gráfico 9. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo sexo. Galicia. 11

Gráfico 10. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo grupos de idade. Galicia 11

Gráfico 11. Contratos CNO-2011 . Galicia 2011. 13

Gráfico 12. Contratos CNO-2011 segundo sexo. Galicia 2011. 15

Gráfico 13. Contratos CNO-2011 segundo tramos de idade. Galicia 2011. 16

Gráfico 14. Contratos CNO-2011 segundo tramos de idade por ocupación. Galicia 2011. 17

Gráfico 15. Contratos CNO-2011 segundo provincias. Galicia 2011. 19

Gráfico 16. Contratos CNO-2011 segundo provincias por ocupación. Galicia 2011 19

Gráfico 17. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Galicia 2011. 22

Gráfico 18. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais Galicia 2011. 23

Gráfico 19. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, Galicia 2011. 23

Gráfico 20. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Operadores de maquinaria forestal móbil Galicia 2011. 24

Gráfico 21. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Peóns forestais e da caza , Galicia 2011. 24

Gráfico 22. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. técnicos forestais e do medio natural, Galicia 2011. 25

Gráfico 23. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural, Galicia 2011. 25

Gráfico 24. Contratos CNO-2011 segundo tipoloxía da contratación. Galicia 2011. 28

Gráfico 25. Contratos CNO-2011 segundo tipoloxía da contratación por ocupación Galicia 2011. 28

Gráfico 26. Contratos CNAE-2009 Evolución. 30

Gráfico 27. Galicia paro rexistrado total Gráfico 5.3 Galicia paro rexistrado do sector. 31
Gráfico 28. Contratos CNAE-2009 por sexo. 31
Gráfico 29. Contratos CNAE-2009 por tramos de idade. 32
Gráfico 30. Contratos CNAE-2009 por provincia. 33
Gráfico 31. Contratos CNAE-2009. Distibución do paro e da afiliación por provincias 34
Gráfico 32. Contratos CNAE-2009 por nivel académico. 35
Gráfico 33. Contratos CNO-2011. 36
Gráfico 34. Contratos CNO-2011 por provincias. 38
Gráfico 35. Contratos CNO-2011 por provincias e ocupacións. 38
Gráfico 36. Contratos CNO-2011 por sexo. 41
Gráfico 37. Contratos CNO-2011 por idade e ocupacións. 42

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Traballadores forestais. 3

Táboa 2. Peóns forestais. 4

Táboa 3. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime especial de autónomos segundo sexo, actividade CNAE-2009. Galicia 2011. 5

Táboa 4. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime especial de autónomos segundo idade e actividade CNAE-2009. Galicia 2011. 6

Táboa 5. Evolución das afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime especial de autónomos segundo idade e actividade CNAE-2009. 6

Táboa 6. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo nivel de estudos. Galicia. 8

Táboa 7. Evolución dos contratos CNAE-2009 nas catro provincias. Galicia. 9

Táboa 8. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo sexo. Galicia. 10

Táboa 9. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo grupos de idade. Galicia. 11

Táboa 10. Contratos CNO-2011 . Galicia 2011. 13

Táboa 11. Contratos CNO-2011 segundo sexo. Galicia 2011. 14

Táboa 12. Contratos CNO-2011 segundo grupos de idade. Galicia 2011. 15

Táboa 13. Contratos CNO-2011 a nivel provincial. Galicia 2011. 18

Táboa 14. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Galicia 2011. 20

Táboa 15. Contratos CNO-2011 segundo tipoloxía da contratación. Galicia 2011. 26

Táboa 16. Contratos CNAE-2009 segundo sexo. 30

Táboa 17. Contratos CNAE-2009 segundo tramos de idade. 32

Táboa 18. Contratos CNAE-2009 segundo provincia. 33

Táboa 19. Contratos CNAE-2009 segundo nivel académico. 34

Táboa 20. Paro CNO-2011. 36

Táboa 21. Paro CNO-2011 por provincias. 37

Táboa 22. Paro CNO-2011 por sexo. 40

Táboa 23. Paro CNO-2011 por tramos de idade. 41

INTRODUCIÓN

Seguindo coa colección de informes que afondan nos diferentes colectivos de interese para o mercado de traballo, este estudo monográfico analiza a situación e a evolución recente no ámbito laboral dos traballadores e traballadoras empregados no sector da silvicultura e a explotación forestal en Galicia.

Este informe amosa a realidade actual e a recente evolución do sector a través dos principais indicadores que caracterizan a situación do mercado laboral en Galicia. Analízanse as magnitudes que describen a evolución das diferentes variables que explican o comportamento do mercado laboral do sector forestal de Galicia, especialmente nas variables que miden a afiliación o paro e a contratación a partir da clasificación que establece a Clasificación Nacional de Actividades Económicas e a Clasificación Nacional de Ocupacións.

Esta análise está baseada en datos elaborados a partir de fontes de información estatística como o Instituto Galego de Estatística, o Servizo Público de Emprego de Galicia ou a Tesouraría da Seguridade Social.

Para ampliar a información contida neste informe ou outra relevante do mercado laboral galego, pódense consultar as aplicacións web do Instituto Galego das Cualificacións postas á disposición do usuario no seguinte enderezo:

http://emprego.xunta.es/cualificacions/

1. Consideracións xerais

O sector da silvicultura e explotación forestal en Galicia, aínda que representa un volume pequeño de traballadores no conxunto do noso tecido produtivo, amosa en relación co conxunto do Estado un índice relevante de ocupabilidade. Segundo datos de 2008 o número de contratos do sector dentro do conxunto da contratación xeral, situou a Galicia como a segunda comunidade autónoma que presentaba unha mellor ratio neste aspecto, soamente por detrás de Extremadura. Galicia tamén se situou no ano 2008 como a segunda comunidade autónoma, por detrás de Andalucía, que rexistrou un maior número de contratos no sector forestal.

Gráfico 1. Contratos do sector Forestal fronte ao número de contratos total %. Ano 2008.



En España, a superficie correspondente ao territorio forestal representa máis da metade (un 54,62%) do total do territorio, mentres que a superficie forestal representa en Galicia un 69%, fronte a un 28% de superficie de uso agrícola e un 3% de superficie destinada a outros usos (improdutivos, humedal, auga, etc.).

A superficie forestal de Galicia, representa o 11,4% respecto á de España e distribúese da seguinte maneria: 63,9% propiedade particular , 32,9% propiedade veciñal de man común e 3,2% propiedad pública.

Gráfico 2. Superficie forestal de Galicia con respecto a España %.



O Instituto Galego das Cualificacións Profesionais, a través do seu servizo de Observatorio Ocupacional, ten a disposición dos usuarios na súa páxina web unha aplicación informática de datos sobre ocupacións onde se fai unha análise do comportamento laboral de diversas ocupacións a través de determinadas variables, se ben o último ano analizado foi o ano 2010. Este é o caso dos traballadores e peóns forestais.

Dentro do sector forestal, contamos nesta aplicación con datos das dúas ocupacións máis relevantes polo seu volume de ocupación laboral: *traballador forestal* e *peón forestal.*

Táboa 1. Traballadores forestais.

	Ano 2006	Ano 2007	Ano 2008	Ano 2009	Ano 2010
CONTRATADOS	1.285	1.513	1.778	1.504	1.743
% CONTRATADOS SOBRE O TOTAL	0,31 %	0,36 %	0,47 %	0,46 %	0,55 %
DEMANDAS MEDIAS ANUAIS	1.414	1.345	1.544	1.758	1.763
% DEMANDAS MEDIAS SOBRE O TOTAL	0,69 %	0,68 %	0,64 %	0,62 %	0,59 %
SALDO NETO ANUAL	-129	168	234	-254	-20

INDICADOR DE ESTABILIDADE LABORAL	MEDIA	MEDIA	MEDIA	MEDIA	MEDIA

INDICADOR DE TENDENCIA/ CLASIFICACIÓN DA TENDENCIA	↑	**CRECEMENTO RELEVANTE**
INDICADOR DE OCUPABILIDADE	Ocupabilidade laboral ALTA	

Para falar destas ocupacións partimos do dato de persoas contratadas, independentemente do número de contratos que poidan ter. Esta variable manéxase co fin de evitar a temporalidade e a distorsión do dato real de creación de emprego. Como podemos comprobar os traballadores contratados neste sector no período 2006-2010 rexisrtaron un crecemento contínuo e sostido, pasando de 1.285 en 2006 a 1.743 no ano 2010. As demandas de emprego por parte dos parados para esta ocupación tamén foron incrementándose. De feito que o saldo neto, é dicir a diferencia entre os contratados e as demandas de emprego, acada unha aternancia de saldos negativos y positivos que remata cun saldo de -20 no ano 2010.

Porén, na súa evolución, manter un indicador de estabilidade laboral medio, unha tendencia positiva que indica un crecemento relevante e unha ocupabilidade laboral alta.

Na ocupación de peóns forestais observamos un saldo neto positivo en toda a súa evolución, é dicir, un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego, ou dito doutro modo, o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes nesta ocupación. Así mesmo se observa un crecemento relevante e unha ocupabilidade laboral moi alta, aínda que non hai que esquecer que nos estamos a referir a datos do ano 2010.

Táboa 2. Peóns forestais.

	Ano 2006	Ano 2007	Ano 2008	Ano 2009	Ano 2010
CONTRATADOS	2.525	3.376	4.194	4.304	3.801
% CONTRATADOS SOBRE O TOTAL	0,61 %	0,81 %	1,1 %	1,32 %	1,21 %
DEMANDAS MEDIAS ANUAIS	330	434	653	998	1.163
% DEMANDAS MEDIAS SOBRE O TOTAL	0,16 %	0,22 %	0,27 %	0,35 %	0,39 %
SALDO NETO ANUAL	2.195	2.942	3.541	3.306	2.638

INDICADOR DE ESTABILIDADE LABORAL	MEDIA	MEDIA	MEDIA	MEDIA	MEDIA

INDICADOR DE TENDENCIA/ CLASIFICACIÓN DA TENDENCIA	↑	**CRECEMENTO RELEVANTE**
INDICADOR DE OCUPABILIDADE	Ocupabilidade laboral MOI ALTA	

2. Afiliacións á Seguridade Social

Táboa 3. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime especial de autónomos segundo sexo, actividade CNAE-2009. Galicia 2011.

Cnae 2009	Homes	Mulleres	Total
Silvicultura e outras actividades forestais	139	28	167
Explotación da madeira	461	91	552
Recolección de produtos silvestres, agás madeira	0	3	3
Servizos de apoio á silvicultura	1.394	190	1.584
Total Silvicultura e explotación forestal	**1.994**	**312**	**2.306**

O sector da silvicultura e explotación forestal en Galicia acadou no ano 2011 un total de 2.306 afiliados en alta na Seguridade Social. Este rexistro é o resultado da suma do conxunto de actividades propias do sector, segundo establece a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009), nas que se afiliaron os traballadores e traballadoras galegos. A cifra total de afiliados en alta para o conxunto de todas as actividades que conforman o tecido produtivo galego foi de 956.525. O sector forestal representou, polo tanto, o 0,24% do conxunto da afiliación en Galicia nese ano.

Gráfico 3. Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo.



A maioría de empregados dos sector son homes. A afiliación masculina supón o 86%, concretamente, 1.994 afiliados sobre un total de 2.306.

Dentro das actividades en que a Clasificación Nacional de Actividades Económicas na súa clasificación do ano 2009 estructura o sector, obsérvase que a gran maioría da afiliación se corresponde con actividades encadradas dentro dos *Servizos de Apoio á Silvicultura*, que inclúe entre outras labores a prevención e extinción de incendios forestais. Esta actividade aglutina a 1.584 efectivos do total de 2.306 afiliados ao sector. A explotación da madeira comprende a 552 afiliados, mentres que a silvicultura e outras actividades forestais inclúe a 167 afiliados. A recolección e produtos silvestres ten unha representación aneccdótica con tan só tres mulleres afiliadas.

Táboa 4. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime especial de autónomos segundo idade e actividade CNAE-2009. Galicia 2011.

Cnae 2009	< 30 anos	30-54 anos	>=55 anos
Silvicultura e outras actividades forestais	22	118	27
Explotación da madeira	76	373	103
Recolección de produtos silvestres, agás madeira	0	2	1
Servizos de apoio á silvicultura	322	1.121	141
Total Silvicultura e explotación forestal	**420**	**1.614**	**272**

O 70% de afiliados ao sector pertencen ao grupo de idade comprendido entre os 30 e os 54 anos. Os maiores de 54 anos acadan o 12%, mentres que a afliación de menores de trinta representa o 18%.

Gráfico 4. Afiliacións á Seguridade Social segundo idade.



Táboa 5. Evolución das afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime especial de autónomos segundo idade e actividade CNAE-2009.

Cnae 2009	decembro de 2009	decembro de 2010	decembro de 2011	2009-2010 %	2010-2011 %
Silvicultura e outras actividades forestais	178	202	167	13,5	-17,3
Explotación da madeira	560	552	552	-1,4	0,0
Recolección de produtos silvestres, agás madeira	4	3	3	-25,0	0,0
Servizos de apoio á silvicultura	1.646	1.512	1.584	-8,1	4,8
Total Silvicultura e explotación forestal	**2.388**	**2.269**	**2.306**	**-5,0**	**1,6**

A evolución interanual de afiliación á Seguridade Social experimentou unha contracción no ano 2010, de xeito que pasou de 2.388 afiliados en 2009 a 2.269 no ano seguinte. No ano 2011 observamos un repunte que se traduciu nun incremento que supuxo unha cifra de 2.306 afiliacións en alta laboral. Pese a isto, o mercado laboral galego sufriu unha perda no bienio 2009-201l de 82 afiliados.

No conxunto de Galicia a afiliación á seguridade social experimentou un descenso continuado pasando a 31 de decembro de 2009 de 1.008.179 afiliados a 987.713 en 2010 e a 956.525 en 2011. O sector da silvicultura e explotación forestal rexistrou un mellor comportamento no que se refire ao número de afiliados en alta no sistema da Seguridade Social. Neste eido, a evolución do sector supuxo que no ano 2010 se rexistrasen 119 afiliacións menos que no ano anterior, pero ao ano seguinte o número incrementouse en 37. En termos porcentuais con respecto ao ano 2010, a variación interanual do conxunto da afiliación galega descendeu un 3,2%, mentres que no sector da silvicultura e explotación forestal se incrementou nun 1,6%.

Polo tanto, aínda que no conxunto das actividades económicas que conforman o tecido produtivo de Galicia o número de afiliados á Seguridade Social descendeu no ano 2011, e polo tanto experimentou unha evolución negativa, no ámbito das actividades que conforman o sector da silvicultura e explotación forestal, a evolución da afiliación á Seguridade Social foi positiva.

Gráfico 5. Evolución das afiliacións á Seguridade Social.



3. Contratos segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas

Gráfico 6. Evolución dos contratos CNAE-2009. Galicia.



Os contratos rexistrados nas actividades económicas propias do sector da silvicultura e explotación forestal descenderón nos tres ultimos anos en 1.411. En concreto pasaron de 6.988 contratos rexistrados en 2009 a 5.577 en 2011.

Táboa 6. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo nivel de estudos. Galicia.

	2009	2010	2011
Ata Certificado de Escolaridade	1425	1318	1130
BUP / Bacharelato Superior / COU	81	74	61
Formación profesional	707	689	644
Titulación Ensinanza Obrigatoria	4615	3896	3551
Titulados Universitarios	160	199	191
	6988	6176	5577

O perfil da contratación no sector da silvicultura e explotación forestal presenta, en termos xerais, un nivel académico baixo. A maior parte dos contratos requiren un escaso nivel de estudos. O 85% dos contratos rexistrados nos últimos tres anos soamente requirían un nivel de estudos de ata Certificado de escolaridade ou de Ensinanza obrigatoria. O 11% esixían Formación profesional e o 3% titulación universitaria.

Gráfico 7. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo nivel de estudos. Galicia.



Táboa 7. Evolución dos contratos CNAE-2009 nas catro provincias. Galicia.

	2009	2010	2011
A Coruña	1878	1810	1689
Lugo	1574	1384	1251
Ourense	1768	1412	1331
Pontevedra	1768	1570	1306
	6988	6176	5577

A contratación do sector descendeu en todas as provincias nestes dous últimos anos. A provincia da Coruña acadou no ano 2011 o maior número de contratos do sector (1.689) , mentres que en Lugo se rexístra o menor volume de parados (1.251).

Gráfico 8. Evolución dos contratos CNAE-2009 nas catro provincias. Galicia.



Táboa 8. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo sexo. Galicia.

	2009	2010	2011	Total xeral
HOME	5940	5438	4951	16329
MULLER	1048	738	626	2412
	6988	6176	5577	18741

O sector da silvicultura e a explotación forestal en Galicia presenta unha clara preeminencia da contratación masculina. No ano 2011, os contratos realizados a homes acadaron un total de 4.951, mentres que os formalizados coas mulleres foron 626. En termos porcentuais, o volume de contratación masculina do sector representou o 89%. Esta prevalencia acádase tamén nos anos anteriores.

Con respecto á evolución interanual da contratación, o comportamento laboral da poboación masculina rexistrou nos últimos anos un descenso menos acusado que o colectivo feminino. Concretamente, os contratos a homes descenderon no ano 2010 un 8% e un 9% en 2011, mentres que a taxa de evolución interanual das mulleres para o mesmo período, supuxo un descenso do 30% e o 15%, respectivamente.

Gráfico 9. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo sexo. Galicia.



Táboa 9. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo grupos de idade. Galicia.

	2009	2010	2011	Total xeral
< 25	1714	1610	1366	4690
25 a 44	4087	3660	3360	11107
45 e máis	1187	906	851	2944
	6988	6176	5577	18741

Gráfico 10. Evolución dos contratos CNAE-2009 segundo grupos de idade. Galicia.



A maior parte da contratación do sector efectúase con traballadores e traballadoras de entre 25 e 44 anos. Este grupo de idade aglutina o 60% do total dos contratos, é dicir, dous de cada tres contratos asinados en 2011 realizáronse con este colectivo de idade intermedia. Concretamente, 3.360 contratos rexistráronse entre a poboación de 25 a 44 anos, mentres que o colectivo de menos de 25 acadou un total de 1.366, e a poboación maior de 44 acadou unha cifra de 851 contratos. Obsérvase que a media de idade dos contratados do sector é baixa, por riba dos 44 anos soamente atopamos un 15%.

No ano 2011, o número de contratos rexistrados no sector, reducíronse nos tres grupos de idade con respecto aos anos 2009 e 2010.

4. Contratos segundo a Clasificación Nacional de Ocupacións

Táboa 10. Contratos CNO-2011 . Galicia 2011.

CNO desagregado a 4 díxitos	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	36
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	180
Operadores de maquinaria forestal móbil	315
Peóns forestais e da caza	8052
Técnicos forestais e do medio natural	88
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	9435
Total xeral	**18106**

Gráfico 11. Contratos CNO-2011 . Galicia 2011.



O cambio operado no ano 2011 na estructura da Clasificación Nacional de Ocupacións, co obxecto de adaptala aos cambios realizados na clasificación internacional e de adecuala á realidade do mercado de traballo, supuxo unha modificación na nomenclatura e contido das ocupacións, de xeito que non é posible establecer evolucións con anos anteriores a 2011, polo tanto neste apartado de contratos por ocupacións, así como no de paro por ocupacións, temos que centrarnos esclusivamente no ano 2011

A Clasificación Nacional de Ocupacións, na súa desagregación a catro díxitos, considera seis ocupacións que configuran o conxunto da actividade ocupacional no sector da Silvicultura e explotación forestal: *Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais, Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, Operadores de maquinaria forestal móvil, Peóns forestais e da caza, Técnicos forestais e do medio natural e Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* . En total, o conxunto do sector aglutina 18.106 contratos rexistrados no sector en Galicia no ano 2011.

A maioría dos contratos rexistrados no sector foron asinados na ocupación de Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural e na ocupación de Peóns forestais e da caza . Os Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural planifican, organizan e realizan operacións para cultivar, conservar e explotar bosques naturais e artificiais. Os Peóns forestais e da caza realizan tarefas sinxelas e rutinarias como o cultivo e mantemento de bosques naturais e artificialis, o corte, a tala e o aserrado de árbores. Así mesmo axudan en actividades de caza. En concreto, na primeira formalizáronse no ano 2011 un total de 9.435 contratos, e na segunda 8.052. A suma de ambas representa o 96,6% do total do sector. 17.487 dos 18.106 contratos rexistrados no ano 2011 no sector pertencen a estas dous ocupacións. O 4,4% da contratación restante repártese entre o resto das ocupacións.

Táboa 11. Contratos CNO-2011 segundo sexo. Galicia 2011.

CNO desagregado a 4 díxitos	SEXO	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	HOME	22
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	MULLER	14
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	HOME	121
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	MULLER	59
Operadores de maquinaria forestal móbil	HOME	311
Operadores de maquinaria forestal móbil	MULLER	4
Peóns forestais e da caza	HOME	7120
Peóns forestais e da caza	MULLER	932
Técnicos forestais e do medio natural	HOME	66
Técnicos forestais e do medio natural	MULLER	22
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	HOME	8500
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	MULLER	935

Gráfico 12. Contratos CNO-2011 segundo sexo. Galicia 2011.



Os contratos formalizados con homes en ocupacións propias deste sector representaron o 89,1% no ano 2011. Nas seis ocupacións, os contratos a homes superan os das mulleres. A presenza feminina faíse máis patente en ocupacións que requiren un maior grado de cualificación, nos postos de dirección ou de enxeñeiros e técnicos, obsérvase un nivel de contratación feminina superior ao rexistrado en ocupacións de cualificación inferior. Os contratos a mulleres realizados nas dúas ocupacións principais: *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* e *Peóns forestais e da caza* representan o 10% e o 12% respectivamente, mentres que no caso das ocupacións de *Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais,* e dos *Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural* o volume de contratación feminina acadao 39% e o 33%, respectivamente.

Táboa 12. Contratos CNO-2011 segundo grupos de idade. Galicia 2011.

CNO desagregado a 4 díxitos	TRAMO IDADE	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	< 25	4
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	25 a 44	18
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	45 e máis	14
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	< 25	6
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	25 a 44	172
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	45 e máis	2
Operadores de maquinaria forestal móbil	< 25	46
Operadores de maquinaria forestal móbil	25 a 44	185

CNO desagregado a 4 díxitos	TRAMO IDADE	2011
Operadores de maquinaria forestal móbil	45 e máis	84
Peóns forestais e da caza	< 25	2218
Peóns forestais e da caza	25 a 44	4478
Peóns forestais e da caza	45 e máis	1356
Técnicos forestais e do medio natural	< 25	8
Técnicos forestais e do medio natural	25 a 44	76
Técnicos forestais e do medio natural	45 e máis	4
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	< 25	1485
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	25 a 44	6330
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	45 e máis	1620

Gráfico 13. Contratos CNO-2011 segundo tramos de idade. Galicia 2011.



A maior parte da contratación do sector efectúase con traballadores e traballadoras de entre 25 e 44 anos. Este grupo de idade concentra o 62,2% do total dos contratos, é dicir, case dous de cada tres contratos asinados en 2011 realizáronse con este colectivo de idade. Concretamente, 11.259 contratos foron asinados entre a poboación de 25 a 44 anos, mentres que o colectivo de menos de 25 acadou un total de 3.767, e os traballadores de 45 e máis anos rexistraron un volume de 3.080 contratos.

Gráfico 14. Contratos CNO-2011 segundo tramos de idade por ocupación. Galicia 2011.



Ao tratarse das dúas ocupacións predominantes dentro do sector, os *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* e os *Peóns forestais e da caza* presentan unha estrutura xeracional da contratación moi similar á do conxunto do sector, posto que a suma de ambas ocupacións representan case o 97% dos contratos

A media de idade máis alta dentro da contratación do sector atopámola entre os *Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais,* e os *Operadores de maquinaria forestal móvil*. Nestas ocupacións, a contratación a maiores de 44 anos representou o 39% e o 27%, respectivamente.

As ocupacións con maior peso porcentual da contratación xuvenil son as de *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* , *Peóns forestais e da caza e Operadores de maquinaria forestal móvil*, que se sitúan entorno ao 15%.

Táboa 13. Contratos CNO-2011 a nivel provincial. Galicia 2011.

CNO desagregado a 4 díxitos	PROVINCIA	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	A Coruña	8
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Lugo	6
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Ourense	8
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Pontevedra	14
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	A Coruña	54
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Lugo	37
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Ourense	37
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Pontevedra	52
Operadores de maquinaria forestal móbil	A Coruña	121
Operadores de maquinaria forestal móbil	Lugo	83
Operadores de maquinaria forestal móbil	Ourense	66
Operadores de maquinaria forestal móbil	Pontevedra	45
Peóns forestais e da caza	A Coruña	2136
Peóns forestais e da caza	Lugo	1686
Peóns forestais e da caza	Ourense	2168
Peóns forestais e da caza	Pontevedra	2062
Técnicos forestais e do medio natural	A Coruña	32
Técnicos forestais e do medio natural	Lugo	14
Técnicos forestais e do medio natural	Ourense	22
Técnicos forestais e do medio natural	Pontevedra	20
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	A Coruña	3315
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Lugo	2510
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Ourense	1685
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Pontevedra	1925

Gráfico 15. Contratos CNO-2011 segundo provincias. Galicia 2011.



A distribución provincial da contratación por ocupacións do sector da silvicultura e explotación forestal en Galicia rexistra o maior volume de contratos na provincia da Coruña, con 5.666, seguida pola de Lugo, con 4.336; e a escasa distancia atópanse Pontevedra e Ourense con 4.118 e 3.1986 contratos rexistrados en 2011.

En xeral obsérvase un lixeiro predominio da provincia Da Coruña e unha distribución da contratación do sector bastante equilibrada no resto das provincias.

Gráfico 16. Contratos CNO-2011 segundo provincias por ocupación. Galicia 2011.







A provincia Da Coruña rexistra o maior número de contratos do sector en todas as ocupacións coa excepción dos *Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais* e os *Peóns forestais e da caza,* nesta última ocupación, no ano 2011, o maior numero de contratos (2.168) realizáronse na provincia de Ourense, a Coruña rexistrou 2.136 e Pontevedra 2.062. Na outra principal ocupación do sector: *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural,* A Coruña é a provincia que rexistra o maior número de contratos(3.315). Nesta ocupación obsérvase unha menor uniformidade no comportamento da contratación interprovincial, a preeminencia da contratación na provincia da Coruña tradúcese nunha diferencia de máis de oitocentos contratos con respecto a Lugo que é a segunda provincia con maior volume de contratación, e unha diferencia maior con respecto a Pontevedra e Ourense.

Táboa 14. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Galicia 2011.

CNO desagregado a 4 díxitos	NIVEL ACADÉMICO	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Ata Certificado de escolaridade	4
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	BUP / Bachillerato Superior / COU	2
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Formación profesional	4
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Titulación Ensinanza obrigatoria	10
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Titulados universitarios	16
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Formación profesional	3
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Titulación Ensinanza obrigatoria	7
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio	Titulados universitarios	170

CNO desagregado a 4 díxitos	NIVEL ACADÉMICO	2011
natural		
Operadores de maquinaria forestal móbil	Ata Certificado de escolaridade	76
Operadores de maquinaria forestal móbil	BUP / Bachillerato Superior / COU	13
Operadores de maquinaria forestal móbil	Formación Ata Certificado de escolaridade	12
Operadores de maquinaria forestal móbil	Titulación Ensinanza obrigatoria	213
Operadores de maquinaria forestal móbil	Titulados Universitarios	1
Peóns forestais e da caza	Ata Certificado de escolaridade	1518
Peóns forestais e da caza	BUP / Bachillerato Superior / COU	132
Peóns forestais e da caza	Formación Ata Certificado de escolaridade	142
Peóns forestais e da caza	Titulación Ensinanza obrigatoria	6232
Peóns forestais e da caza	Titulados universitarios	28
Técnicos forestais e do medio natural	BUP / Bachillerato Superior / COU	2
Técnicos forestais e do medio natural	Formación Ata Certificado de escolaridade	10
Técnicos forestais e do medio natural	Titulación Ensinanza obrigatoria	16
Técnicos forestais e do medio natural	Titulados universitarios	60
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Ata Certificado de escolaridade	2500
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	BUP / Bachillerato Superior / COU	370
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Formación Ata Certificado de escolaridade	2815
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Titulación Ensinanza obrigatoria	3685
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Titulados universitarios	65

O perfil da contratación no sector da silvicultura e explotación forestal en Galicia presenta, en termos xerais, un nivel académico baixo. A maior parte dos contratos requiren un escaso nivel

de estudos. Os contratos nos que basta a titulación en ensinanza obrigatoria son os máis numerosos.

Gráfico 17. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Galicia 2011.



Dos 18.106 contratos rexistrados no sector en 2011, un total de10.163 demandaban como requisito académico unha titulación en ensinanza obrigatoria, e 4.098 requirían certificado de escolaridade. Isto supón que o 79% dos contratos realizados no sector non demandan máis estudos que os primarios.

Os estudos de Formación profesional foron requiridos a un 16% dos contratos firmados en Galicia ao longo do ano 2011, en concreto forón 2.986.

A esixencia dos estudos de bacharelato e universitarios representaron tan só o 3% e o 2%, respectivamente do total.

Gráfico 18. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais Galicia 2011.



O 44% dos contratos realizados na ocupación de *Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais* esixen como requisito académico posuír unha titulación universitaria. Sendo a titulación máis requirida nos contratos desta ocupación

Gráfico 19. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, Galicia 2011.



Nos contratos rexistrados na ocupación de *Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural,* o requisito da titulación universitaria demandouse en case dous de cada tres contratos.

Gráfico 20. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Operadores de maquinaria forestal móbil Galicia 2011.



No desempeño desta ocupación accedese maioritariamente cun nivel de cualificación baixo. O 92% dos contratos rexistrados en 2011 soamente requirían un nivel de estudos básicos: ensinanza obrigatoria (68%) ou certificado de escolaridade (24%).

Gráfico 21. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Peóns forestais e da caza , Galicia 2011.



Na ocupación de *Peóns forestais e da* caza (unha das dúas máis contratadas), o nivel de estudos requirido nun 96% dos contratos fai referencia aos dous niveis de estudos máis baixos.

Gráfico 22. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Técnicos forestais e do medio natural, Galicia 2011.



O 68% dos contratos realizados no ano 2011 a *técnicos forestais e do medio natural* requirían unha titulación universitara.

Gráfico 23. Contratos CNO-2011 segundo nivel académico. Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural, Galicia 2011.



A outra ocupación maioritaria, *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* presenta xunto coa esixencia de estudos básicos: 39% ensinanza obrigatoria, 26% certificado de escolaridade; un 30% de contratos que demandan estudos de formación profesional.

Táboa 15. Contratos CNO-2011 segundo tipoloxía da contratación. Galicia 2011.

CNO desagregado a 4 díxitos	TIPOLOXÍA CONTRAT.	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Indefinido	12
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Indefinido tempo parcial	4
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Prácticas/Formación	2
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Temporal	14
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Temporal tempo parcial	4
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Indefinido	9
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Prácticas/Formación	2
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Temporal	154
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Temporal tempo parcial	15
Operadores de maquinaria forestal móbil	Indefinido	20
Operadores de maquinaria forestal móbil	Prácticas/Formación	1
Operadores de maquinaria forestal móbil	Temporal	281
Operadores de maquinaria forestal móbil	Temporal tempo parcial	13
Peóns forestais e da caza	Indefinido	256
Peóns forestais e da caza	Indefinido tempo parcial	18
Peóns forestais e da caza	Temporal	7270
Peóns forestais e da caza	Temporal tempo parcial	508
Técnicos forestais e do medio natural	Indefinido	10
Técnicos forestais e do medio natural	Prácticas/Formación	4
Técnicos forestais e do medio natural	Temporal	72
Técnicos forestais e do medio natural	Temporal tempo parcial	2
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Indefinido	815

CNO desagregado a 4 díxitos	TIPOLOXÍA CONTRAT.	2011
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Indefinido tempo parcial	10
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Prácticas/Formación	390
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Temporal	8080
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Temporal tempo parcial	140

Gráfico 24. Contratos CNO-2011 segundo tipoloxía da contratación. Galicia 2011.



O panorama xeral da contratación do sector presenta un claro predominio dunha situación laboral marcada pola temporalidade. Do total de 18.106 contratos rexistrados no ano 2011 en Galicia, 16.553 foron temporais, o que supón o 92% da contratación, mentres que 1.154, é dicir, o 4%, foron indefinidos. Os contratos de prácticas e formación acadaron unha cifra de 399.

Gráfico 25. Contratos CNO-2011 segundo tipoloxía da contratación por ocupación Galicia 2011.











A ocupación de maior cualificación do sector: os directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais, representan un colectivo excepcional en función da súa tipoloxía contractual. Os contratos indefinidos formalizados ao longo do ano 2011 acadaron a cifra de 16, mentres que a contatación temporal nesta ocupación no mesmo período rexistrou a 18 directivos. Atópamos case unha paridade entre ambas modalidades de contratación, un feito pouco usual na situación xeral do sector.

No resto das ocupacións a contratación temporal acapara unha porcentaxe maioritaria.

5. Paro segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas

Táboa 16. Paro CNAE-2009 segundo sexo.

	2009	2010	2011
HOME	1567	1568	1653
MULLER	485	513	494

O paro rexistrado nas actividades económicas propias do sector da silvicultura e explotación forestal aumentou en 66 persoas no ano 2011 con respecto ao ano anterior, e en 95 con respecto a 2009. Os homes incrementaron as listas de desemprego nun número de 85 novos parados con respecto a 2010, mentres que o comportamento laboral do colectivo feminimo corrixiu a tendencia negativa do ano 2010, e no ano 2011 veu reducido o seu número de paradas en 19 persoas.

En termos absolutos, a cifra de paro de 2009 ascendía a 2.052 parados, en 2010 o número de desempregados foi de 2.081 e en 2011 ascendeu a 2147. Os homes, ao teren unha maior actividade contractual dentro do sector, tamén presentan unha cifra de desemprego superior, concretamente, no ano 2011, houbo 1.653 parados, mentres que a cifra de paro feminino foi de 494 desempregadas. Isto significa que o paro masculino acadou un 77% do total de paro rexistrado no sector.

Gráfico 26. Paro CNAE-2009 Evolución.



Igual que sucedeu no conxunto de actividades económicas, o paro tamén se incrementou no sector da silvicultura e explotación forestal, aínda que en menor medida. O crecemento porcentual do paro en Galicia, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, representou no ano 2011 un aumento do 8,8% con respecto ao ano 2010, mentres que o paro propio do sector acadou unha variación interanual do 3,2%; é dicir, o desemprego do sector creceu, pero 5,6 puntos por debaixo da media.

Gráfico 27. Galicia paro rexistrado total Gráfico 5.3 Galicia paro rexistrado do sector.



Os homes desempregados no conxunto de actividades económicas do sector ascenderon no ano 2011 a un total de 1.653, o que supón que o 77% do desemprego do sector corresponde ao colectivo masculino. Se relacionamos este dato coa afiliación á seguridade social, observamos que o volume de afiliación masculina en 2011 representaba o 86%. Polo tanto, o índice de paro masculino resulta inferior ao feminino; para este último colectivo, a porcentaxe de afiliación era do 14% do total, mentres que o nivel porcentual de desemprego na distribución por sexo foi do 33%.

A pesar desta maior incidencia do paro entre as mulleres traballadoras do sector, no ano 2011 o colectivo feminino experimentou un descenso de 19 paradas con respecto ao ano anterior. O paro masculino continuou a sua tendencia alcista.

Gráfico 28. Paro CNAE-2009 por sexo.



Táboa 17. Paro CNAE-2009 segundo tramos de idade.

	2009	2010	2011
< 25	254	211	168
25 a 44	1152	1168	1193
45 e máis	646	702	786

A maior parte da contratación do sector efectúase con traballadores e traballadoras de entre 25 e 44 anos e, polo tanto, o maior volume de desemprego atópase neste tramo de idade. A porcentaxe de desemprego da poboación máis nova resulta inferior á dos traballadores de máis idade. Os traballadores menores de 25 anos rexistraron no ano 2011 unha porcentaxe de contratos do 25%, mentres que o paro representaba o 8% do total. No seguinte tramo de idade, 25 a 44 anos, a porcentaxe de contratos foi do 60%, mentres que o paro ocupou un 56% do total na súa distribución por idades. Os traballadores de máis de 44 anos, que representaban o 15% dos contratos, acadan no repartimento do paro o 37% do total de todos os grupos de idade. Á vista destes datos, podemos concluír que o desemprego no sector da silvicultura e a explotación forestal amosa un comportamento máis negativo a medida que ascende a idade da persoa traballadora.

O aumento do desemprego no ano 2011 con respecto aos dous anos anteriores segundo os grupos de idade analizados rexistrou como excepción o comportamento do colectivo de poboación traballadora de menor idade: os menores de 25 anos viron diminuír o paro nos dous últimos anos, pasando de 254 en 2009 a 168 no ano 2011.

Gráfico 29. Paro CNAE-2009 por tramos de idade.



Táboa 18. Paro CNAE-2009 segundo provincia.

	2009	2010	2011
A Coruña	526	521	556
Lugo	449	444	421
Ourense	471	505	524
Pontevedra	606	611	646

O paro do sector subíu en todas as provincias agás en Lugo, nesta provincia o desemprego descendeu nos últimos dous anos, pasando de 449 parados en 2009 a 421 en 2011. O resto das provincias galegas viron incrementar o número de parados. A provincia de Pontevedra acadou no ano 2011 o maior número de desempregados do sector (646) , mentres que en Lugo rexístrase o menor volume de parados (421)

Gráfico 30. Paro CNAE-2009 por provincia.



A provincia máis castigada polo paro no sector da *silvicultura e a explotación forestal* é a de Pontevedra. No ano 2011 os afilados ao sector nesta provincia supoñían o 24,9% do total de Galicia, lonxe do 43,6% de A Coruña, sen embargo os parados do sector forestal na provincia de Pontevedra acadaron no mesmo ano o maior volume porcentual de paro na distribución interprovincial do desemprego neste sector. O 30,1% dos parados galegos na silvicultura e a explotación forestal atopábanse na provincia de Pontevedra. A provincia coruñesa acada, dentro deste reparto un volume do 25,9% de paro, seguida a escasa distancia pola de Ourense cun 24,4%. Isto supón unha maior incidencia do desemprego na provincia de Ourense, que conta con

menos traballadores no sector (15% do total de Galicia) e que en cambio case acada un volume de parados similar ao rexistrados na provincia da Coruña. Esta provincia é a que presenta o menor índice proporcional de paro (dentro desta relación entre volume de empregados e de desempregados). A provincia de Lugo amosa xunto coa de Ourense un menor peso dentro da afiliación ao sector, e aínda que non acada un volume de paro como a de Ourense, este supón case o 20% dentro da distribución interprovincial do paro no sector.

Gráfico 31. Paro CNAE-2009. Distibución do paro e da afiliación por provincias .



Táboa 19. Paro CNAE-2009 segundo nivel académico.

	2009	2010	2011
Ata Certificado de escolaridade	779	832	919
BUP / Bacharelato Superior / COU	182	170	161
Formación profesional	366	371	349
Outras titulacións	1	1	
Titulación Ensinanza obrigatoria	571	531	530
Titulados universitarios	154	176	187

O maior volume de desemprego dentro das actividades propias da silvicultura e a explotación forestal se corresponden con persoas que teñen estudos de menor nivel académico. No ano 2011 o 67,5% dos parados, é dicir algo máis de dous de cada tres, representan a parados con certificado de escolaridade (919) e con ensinanza obrigatoria (530).

Gráfico 32. Paro CNAE-2009 por nivel académico.



6. Paro segundo a Clasificación Nacional de Ocupacións

Táboa 20. Paro CNO-2011.

CNO	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	13
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	48
Operadores de maquinaria forestal móbil	100
Peóns forestais e da caza	250
Técnicos forestais e do medio natural	80
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	207
Total xeral	**698**

A maioría dos parados rexistrados no sector foron asinados na ocupación de *Peóns forestais e da caza* e na ocupación de *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural.* Esta concentración do desemprego resulta lóxica dado que se trata das dúas ocupacións que empregan á maioría de traballadores do sector. En concreto, na primeira rexistráronse no ano 2011 un total de 250 parados, e na segunda 207. A suma de ambas representa o 65,5% do total do sector. Os parados restantes repártense entre os 100 rexistrados entre os *operadores de maquinaria forestal,* os 80 dos *técnicos forestais e do medio natural,* os 48 entre os *Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural* e os 13 *rexistrados entre os Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais*.

Gráfico 33. Paro CNO-2011.



Táboa 21. Paro CNO-2011 por provincias.

CNO	PROVINCIA	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	A Coruña	7
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Ourense	2
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Pontevedra	4
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	A Coruña	16
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Lugo	11
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Ourense	9
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Pontevedra	12
Operadores de maquinaria forestal móbil	A Coruña	26
Operadores de maquinaria forestal móbil	Lugo	22
Operadores de maquinaria forestal móbil	Ourense	26
Operadores de maquinaria forestal móbil	Pontevedra	26
Peóns forestais e da caza	A Coruña	61
Peóns forestais e da caza	Lugo	61
Peóns forestais e da caza	Ourense	62
Peóns forestais e da caza	Pontevedra	66
Técnicos forestais e do medio natural	A Coruña	26
Técnicos forestais e do medio natural	Lugo	15
Técnicos forestais e do medio natural	Ourense	16
Técnicos forestais e do medio natural	Pontevedra	23
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	A Coruña	56
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Lugo	51
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Ourense	46
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Pontevedra	54

A distribución provincial do paro por ocupacións do sector da silvicultura e explotación forestal en Galicia rexistra o maior volume de parados na provincia da Coruña, con 192 desempregados, seguida pola de Ourense, con 185; e con rexistros similares atópanse Lugo e Ourense con 161 e 160 parados rexistrados en 2011.

Gráfico 34. Paro CNO-2011 por provincias.



Gráfico 35. Paro CNO-2011 por provincias e ocupacións.











A provincia da Coruña rexistrou no ano 2011 o maior número de parados do sector en todas as ocupacións coa excepción dos *Peóns forestais e da caza,* onde o maior número de parados se atopaba na provincia de Pontevedra, e entre os *Operadores de maquinaria forestal móbil,* que reflictiu o mesmo número de parados nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra.

Na ocupación de *traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural,* A Coruña rexistrou 56 parados. Esta ocupación presenta unha uniformidade no comportamento do paro interprovincial, en consonancia co resto das ocupacións. En todas elas observamos pouca variación no volume de desemprego entre as catro provincias.

Táboa 22. Paro CNO-2011 por sexo.

CNO	SEXO	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Home	10
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	Muller	3
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Home	27
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	Muller	21
Operadores de maquinaria forestal móbil	Home	85
Operadores de maquinaria forestal móbil	Muller	15
Peóns forestais e da caza	Home	132
Peóns forestais e da caza	Muller	118
Técnicos forestais e do medio natural	Home	48
Técnicos forestais e do medio natural	Muller	32
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Home	118
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	Muller	89

O paro masculino en ocupacións propias deste sector representou o 60,2% no ano 2011. Polo tanto o case 40% de desemprego feminimo resulta ter, como vimos de ver no paro por actividades económicas, unha maior incidencia dentro do sector, posto que as mulleres afiliadas na silvicultura e a explotación forestal representaban no ano 2011 tan só o 14% do total de afiliacións en alta laboral á seguridade social.

Nas seis ocupacións que establece a CNO, o paro masculino supera ao feminino. O paro feminino rexistrado nas dúas ocupacións principais: *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* e *Peóns forestais e da caza* tradúcese en 89 e 118 paradas, mentres que os homes parados nestas dúas ocupacións rexistran 118 e 132 parados, respectivamente.

Gráfico 36. Paro CNO-2011 por sexo.



Táboa 23. Paro CNO-2011 por tramos de idade.

CNO	IDADES	2011
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	25 a 44	11
Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais	45 e máis	2
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	< 25	6
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	25 a 44	32
Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural	45 e máis	10
Operadores de maquinaria forestal móbil	< 25	23
Operadores de maquinaria forestal móbil	25 a 44	47
Operadores de maquinaria forestal móbil	45 e máis	30
Peóns forestais e da caza	< 25	81
Peóns forestais e da caza	25 a 44	92
Peóns forestais e da caza	45 e máis	77
Técnicos forestais e do medio natural	< 25	18
Técnicos forestais e do medio natural	25 a 44	45
Técnicos forestais e do medio natural	45 e máis	17
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	< 25	52
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	25 a 44	86
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural	45 e máis	69

A maior parte da contratación do sector efectúase con traballadores e traballadoras de entre 25 e 44 anos. Este grupo de idade concentra o 62,2% do total dos contratos, é dicir, case dous de cada tres contratos asinados en 2011 realizáronse con este colectivo de idade. Concretamente, 11.259 contratos foron asinados entre a poboación de 25 a 44 anos, mentres que o colectivo de menos de 25 acadou un total de 3.767, e os traballadores de 45 e máis anos rexistraron un volume de 3.080 contratos.

Gráfico 37. Paro CNO-2011 por idade e ocupacións.







Ao tratarse das dúas ocupacións predominantes dentro do sector, os *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* e os *Peóns forestais e da caza* presentan unha estrutura xeracional da contratación moi similar á do conxunto do sector, posto que a suma de ambas ocupacións representan case o 97% dos contratos

A media de idade máis alta dentro da contratación do sector atopámola entre os *Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais,* e os *Operadores de maquinaria forestal móvil*. Nestas ocupacións, a contratación a maiores de 44 anos representou o 39% e o 27%, respectivamente.

As ocupacións con maior peso porcentual da contratación xuvenil son as de *Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural* , *Peóns forestais e da caza* e *Operadores de maquinaria forestal móbil,* que se sitúan entorno ao 15%.

galicia

http://traballo.xunta.es/publicacions-cualificacions

XUNTA
DE GALICIA